



COMUNICACIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE VIGO SOBRE A REALIZACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE ENTRE ASPIRANTES ADMITIDAS/OS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN A PÉ NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE VILAXOÁN.

1. Mediante Resolución de 13 de xuño de 2024, este departamento territorial convocou proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación a pé na modalidade de Marisqueo xeral para exercer a actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores da Confraría de Vilaxoán.
2. Mediante Resolución de 23 de xullo de 2024, deste departamento publicouse a listaxe provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo e deuse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para presentar alegacións.
3. Presentouse un (1) escrito de alegación, que se considerou desestimado.
4. O proceso selectivo establécese para outorgamento de 8 prazas, e obsérvase a existencia de 17 empates na puntuación máxima obtida entre as persoas aspirantes. O punto 4 do anexo I da Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para a valoración das solicitudes para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé, establece que: *"En caso de producirse empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación"*.

Á vista do exposto e no exercicio das súas competencias este departamento territorial,

COMUNICA:

A celebración dun sorteo en presenza das persoas afectadas, para dirimir o empate xurdido.

A asistencia ao sorteo é **VOLUNTARIA**.

Lugar de celebración:

SALA B – planta 2 do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia- Torre 1
Rúa Concepción Arenal, 8
36201 Vigo

Data: 27 de agosto de 2024

Hora: 11:00h en única convocatoria

Para poder acudir ao acto as persoas afectadas terán de remitir un correo electrónico ao seguinte enderezo recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal indicando a intención de acudir, o seu nome, apelidos e DNI. O prazo máximo para confirmar a asistencia é o venres, 26 de agosto ás 14:00h





De ser o caso, aquela persoa que asista no lugar dalgunha das persoas convocadas, deberá presentar no momento da entrada ao acto un documento no que acredite a súa representación, debidamente cuberto, indicando os datos identificativos e sinatura da persoa aspirante e a persoa autorizada.

Relación de persoas aspirantes empatadas:

- 17 persoas empatadas con 10,00 puntos:

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.
1	ABUÍN DOMÍNGUEZ, BEGOÑA	***6053**
2	ARRANZ ASENJO, MIRIAN	***9128**
3	CAÑAMARES BÚA, SANDRA	***8239**
4	CAO RODRÍGUEZ, JOSEFA	***0241**
5	CORES TORRADO, CRISTINA MARÍA	***6804**
6	GESTOSO INSUA, RUBEN	***8645**
7	JUEGUEN DOVAL, NOEMI	***6687**
8	MANEIRO PIÑEIRO, ALBA	***8861**
9	ORDÁS RIVEIRO, ALBA	***9909**
10	PÉREZ ARES, CORA	***9041**
11	RIVEIRO BOUZAS, MANUELA	***6229**
12	SERANTES LOUZAO, MARTA	***7894**
13	TARRIO LÓPEZ, OMAR	***8917**
14	TEIJELO LAGO, LARA	***6254**
15	ÚBEDA AGRA, PAULA	***8023**
16	VÁZQUEZ NÚÑEZ, MARÍA BELÉN	***5030**
17	VILLANUEVA VICENTE, BEATRIZ	***6301**

Levantarase acta da realización do sorteo que reflectirá a orde de prelación das persoas aspirantes empatadas, para continuar coa tramitación do proceso de selección.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, esta comunicación de sorteo realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da Confraría de Vilaxoán (Pontevedra).

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

